

LUGAR DE MASEDA. CULTIVOS ECOLÓGICOS



“Percibimos na zona un auxe na produción de faba (faba de Lourenzá), e atopamos nesta actividade a saída que necesitábamos”

Edmundo Maseda Maseda

Datos básicos

Actividade:	Produción e comercialización de produtos de agricultura ecolóxica
Sector de actividade	Agricultura, gandería e pesca
Nº empregados	2
Inversión inicial	72.120 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado cun crédito oficial da Consellería de Agricultura, no marco das axudas europeas para a incorporación de mozos á agricultura.
Web:	
Municipio:	O Valadouro, Lugo
Ano creación:	2001

Descrición do proxecto

Trátase da reconversión dunha antiga granxa leiteira nunha explotación ecolóxica de horticoltura para produción e comercialización dos seus produtos, principalmente legumes.

Esta granxa ecolóxica destinada á produción de legumes e hortalizas tanto en invernadoiros como ao aire libre basea a súa produción nos principios da agricultura ecolóxica: rotación e asociación de cultivos.

Centrámonos fundamentalmente na produción de "faba verdiña", unha especie de faba seca verde, pequena e de aspecto atractivo, con propiedades organolépticas superiores ás de outras especies (é máis dixestiva).

En principio, descartamos o cultivo de tomate e pemento xa que teñen ciclos de crecemento longos e o microclima de Valadouro non é o máis apropiado para o seu cultivo. Sen embargo, produciremos millo doce e xudías verdes redondas para a industria conserveira.



Datos empresa

Claves do éxito

Teimosía e vocación. Hai que ter moita vontade e poñer moito corazón, pois os obstáculos son numerosos e ás veces dan ganas de tirar a toalla.

Por outra parte, a calidade do produto e o cambio de mentalidade, que é favorecido por un maior poder adquisitivo dos consumidores.

Situación actual

Acábanos de conceder unha axuda da Xunta.

Estamos a abrir novas posibilidades de comercialización e temos facilidade de acceso a calquera punto de venda por ser un produto novo e diferente.

Polo momento, procuramos non superar nun 10% ou 15% do prezo dun produto homólogo convencional (non ecolóxico). Observamos que a xente proba o noso produto e anímase a converterse en cliente.

En canto produzamos unha gama variada de hortalizas, temos aseguradas as vendas para todo o ano.

Perfil cliente

Existen distintos tipos de clientes:

- Consumidores individuais que valoran a calidade dos produtos que consumen e a saúde, e teñen sensibilidade pola natureza, o medio ambiente e o auténtico. Acostuman ser persoas de nivel sociocultural medio-alto e unha boa capacidade adquisitiva, e polo xeral residen no medio urbano.
- Sector da hostalería (restaurantes de cociña tradicional que demandan a faba verdiña para cociñar con marisco, hoteis, etc.).
- Tendas ecolóxicas.



Idea inicial

A idea xurdiu a raíz da compra dunhas terras que a nosa familia tiña arrendadas desde hai 80 anos, destinadas á explotación leiteira. Coa entrada na Unión Europea, a granxa leiteira quedou obsoleta fronte ás esixencias do novo mercado. Decidimos entón buscar unha forma de explotación rentábel e démonos conta de que se estaba a experimentar na zona un auxe na produción de faba (faba de Lourenzá). Atopamos nesta actividade a saída que necesitábamos.

Ademáis, supuña a mellor alternativa profesional posto que nos gusta o traballo e nos permite manternos no medio rural.

Por último, a propiedade da antiga granxa leiteira supuxo un aforro importante no investimento necesario.

Principales dificultades y amenazas futuras

O diñeiro, como sempre, é a principal diticultade. Aínda que asinan convenios coa Xunta, á hora de conceder créditos, xurden sempre complicacións. E no noso caso, tratándose de agricultura ecolóxica, as negociacións foron especialmente duras. Existen prexuízos en torno a este mercado e atopámonos con que á hora de vulgar o noso proxecto empresarial, tíñase en conta só o beneficio económico inmediato, esquivando o valor engadido e o beneficio potencial que supón o carácter innovador

Por outra parte, a tarefa de preparar terreos e instalacións foi tamén bastante ardua.

En canto ao futuro, non contemplamos un risco especial de competencia. Os produtos ecolóxicos acostuman ser cultivados fóra de Galicia, co conseguinte incremento no prezo do produto, derivado do custo de transporte. Ademais, o noso produto estrela (a faba verdiña) só adquire a calidade requirida na zona do Valadouro, e presenta por outra parte fortes barreiras de entrada relacionadas co proceso de produción (plantas de secado e infraestruturas importantes).

Sen embargo, consideramos moi necesarios os apoios por parte da Administración. E é que unha vez implantados, temos que crecer para asentarnos no mercado, e o camiño é moi duro.

Perfil promotores

O promotor Edmundo Maseda aporta experiencia nunha explotación agrícola propiedade da súa familia, no que colaboraba desde neno.

A empresa conta con outro socio máis.

Nos últimos anos puxéronse ao día acudindo a cursos de formación agraria para mozos agricultores e cursos de capacitación profesional agrícola en varias ramas (gandería, carne, leite, horticultura, floricultura e froiticultura).

Foron organizadores do grupo de froiticultura de Valadouro e posúen un campo experimental de maceira de sidra e outro de chícharo ecolóxico.

Aptitudes necesarias

Ilusión, teimosía, constancia, prudencia, creatividade.

"Díxolle o Rei ao seu Xastre: Xastre, vésteme a modiño que teño présa"

Tamén é necesario ter valor para afrontar os riscos.



Guía de Actividad

Agricultura ecolóxica (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

**Gañar cartos
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Si. O programa Lanza

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Considéroo imprescindible.

Anecdotalio

Por segundo ano consecutivo, a peor colleita de fabas tivémola no campo de ensaio que facemos xunto con Extensión Agraria. Oresto da finca vai ben. Este verán tivemos unha invasión de depredadores do pulgón negro da faba. Desde que non o matamos, non nos dá traballo ningún. Isto quere dicir que se comezan a notar os efectos do traballo ecolóxico.

